



**Museo do Pobo Galego**

## **PROGRAMACIÓN INFANTIL E PRIMARIA 2015-2016**



Presentámosvos as propostas do Museo do Pobo Galego para este curso 2015/16. Son diferentes opcións de uso da entidade e os seus recursos para o colectivo escolar e docente **desde Infantil (a partir dos 4 anos) a 6ª de primaria**. Neste curso a oferta didáctica aposta por unha aprendizaxe activa a partir de dinámicas lúdicas, de descubrimento e simulación.

Buscamos tamén que, cada vez máis, sexades os e as docentes aqueles e aquelas que mellor coñecedes ao voso alumnado, as persoas que teñades a dirección das actividades dentro do Museo, ben cunha visita libre deseñada como queirades, ben usando as pequenas unidades que pomos a vosa disposición para organizar, de maneira autónoma, o aproveitamento da colección do Museo.

O alumnado menor de 18 anos ten a entrada de balde no Museo o mesmo que os e as profesoras acompañantes que deberán ser o número que marca a lei e permanecer co grupo durante toda a

actividade. No caso de **visitas por libre** non haberá custe algún. Aquelas actividades **dirixidas polos docentes pero con asesoramento e materiais subministrados polo DEAC** terán un custe polos mesmos de **3 euros por grupo**, que se abonarán ao entrar no Museo. Cando sexan **os e as educadoras do DEAC os que dirixan a visita ou actividade** nas salas do Museo o custe é de **0,70ct.** por alumno/alumna.

Os horarios por libre ou con visita autónoma cos materiais do Museo son de martes a sábado de 10.30 a 14h e de 16 a 19.30 h. Para as actividades **dirixidas polas educadoras e educadores do Museo** o horario é **de martes a venres de 11 a 14h.**

**Para solicitudes e/ou información chamar ao 981583620, de luns a venres de 10 a 14h, ou escribide en calquera momento a [deac@museodopobo.gal](mailto:deac@museodopobo.gal)**

Escollades a opción que escollades tedes que contar coa dispoñibilidade de persoal e coa seguridade e comodidade na circulación das persoas no Museo polo que aconsellámosvos **concertar calquera modalidade de visita cunha antelación mínima de 15 días.** O espazo museístico conta cun aforo limitado para asegurar a circulación sen problemas en salas e escaleira helicoidal polo que **o Museo non garante a entrada no momento elixido, se non hai reserva previa.**

Moitas grazas pola vosa atención!

Educación e Acción Cultural  
MUSEO DO POBO GALEGO  
( 0034)981583620  
[deac@museodopobo.gal](mailto:deac@museodopobo.gal)  
[www.museodopobo.gal](http://www.museodopobo.gal)  
Facebook Museo do Pobo Galego  
[@MuseodoPobo](#)

## INFANTIL ( 4 e 5 anos)

### ACTIVIDADES AUTÓNOMAS *(dirixidas polo persoal docente do grupo)*



**Coscobellos ao Cesto.** Un xogo que quere achegar aos e ás máis pequenas ao mundo simbólico galego. Para isto escollemos ao “coscobello”, un personaxe moi escorregadizo, tanto que para atrapalo precisaremos de moito tino e uns cantos trucos que aprenderedes polo Museo.

**Para nenos e nenas a partir dos 4 anos.** 

ACTIVIDADE AUTÓNOMA!

- **Recomendámosvos que o número de participantes por sesión non supere os 20.**

### ACTIVIDADES DIRIXIDAS POLO DTO. EDUCACIÓN

**Contidos en anacos.** Xogo visual que consiste na busca de anacos de imaxes ciscadas polo Museo.

Finalmente o alumnado comporá un puzzle con cada cachiño atopado polas salas.

**Para nenos e nenas a partir dos 4 anos.**

- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC**
- **Máximo de participantes por sesión: 20**
- **Temporalización estimada: 40 minutos.**
- **Custe: 0,70ct.por alumno/a**

**Xogos Bailados.** A través dun xogo de roda que leva asociado coreografías e cantigas, os cativos e cativas poden facer o seu primeiro achegamento ao Museo do Pobo Galego.

**Recomendado para nenos e nenas a partir dos 4 anos.**

- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC**
- **Máximo de participantes por sesión: 15**
- **Temporalización: 50 minutos**
- **Custe: 0,70ct.por alumno/a**

## 1º, 2º e 3º PRIMARIA

### ACTIVIDADES AUTÓNOMAS (dirixida polo persoal docente do grupo)

**A historia de Rosa.** Un xogo de pistas fiadas por Rosa, unha embarcación tradicional galega que nos vai ensinar algunhas cousas sobre o noso mar.



ACTIVIDADE AUTÓNOMA!

- **Recomendámosvos que o número de participantes por sesión non supere os 25**
- **Temporalización estimada: 50 minutos.**
- **Custes por material: 3 euros por grupo.**



**Remuíño de pistas.** Percorrido lúdico para descubrir a colección do Museo cunha dinámica de xogo de pistas.

Para 3ª primaria.  ACTIVIDADE AUTÓNOMA!

- **Recomendamos que o número de participantes por sesión non supere os 25.**
- **Temporalización: 75 minutos**
- **Custes por material: 3 euros por grupo.**

### ACTIVIDADES DIRIXIDAS POLO DTO. EDUCACIÓN

**Bailes de Sala.** Percorrido polas salas do Museo pondo en relación os contidos expostos con bailes do agarrado e xogos bailados.

**Recomendado para 1º e 2º curso de primaria**

- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC**
- **Máximo de participantes por sesión: 15**
- **Temporalización: 50 minutos**
- **Custe: 0,70ct. por alumno/a**

**Sardiñas e pan.** Unha visita dinamizada na que as salas do mar e do campo son o espazo no que os rapaces e as rapazas poderán xogar traballando sobre a importancia de dúas actividades como son a agricultura e a pesca.

**Recomendado para 1º e 2º curso de primaria**

- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC**
- **Participantes por sesión: máximo 25**
- **Temporalización: 60 minutos**
- **Custe: 0,70ct. por alumno/a**

**A casa desde o tellado.** Actividade de descubrimento onde o alumnado traballará sobre os distintos oficios e materiais que interveñen na construción dunha casa, así como as variantes arquitectónicas das distintas zonas galega.

**Para 3º primaria. Válido tamén para 4º.**

- Visita dirixida por educadores/as do DEAC
- Participantes por sesión: máximo 25
- Temporalización: 60 minutos
- Custe: 0,70ct. por alumno/a

## 4º, 5º e 6º PRIMARIA


### ACTIVIDADES AUTÓNOMAS (dirixida polo persoal docente do grupo)

**Remuíño de pistas.** Percorrido lúdico para descubrir a colección do Museo cunha dinámica de xogo de pistas.



ACTIVIDADE AUTÓNOMA!

- Recomendamos que o número de participantes por sesión non supere os 25.
- Temporalización: 75 minutos
- Custes por material: 3 euros por grupo.



### **Con vento mareiro.**

Actividade ao redor da cultura mariñeira centrada nas embarcacións e a explotación tradicional dos recursos mariños.

**6º de primaria**  ACTIVIDADE AUTÓNOMA!

- Recomendámosvos que o número de participantes por sesión non supere os 25.
- Temporalización: 50 minutos
- Custes por material: 3 euros por grupo.

## ACTIVIDADES DIRIXIDAS POLO DTO. EDUCACIÓN

**A casa desde o tellado.** Actividade de descubrimento onde o alumnado traballará sobre os distintos oficios e materiais que interveñen na construción dunha casa, así como as variantes arquitectónicas das distintas zonas galega.

**Para 4º primaria. Válido tamén para 3º.**

- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC**
- **Participantes por sesión: máximo 25**
- **Temporalización: 60 minutos**
- **Custe: 0,70ct. por alumno/a**



**Ferramentas... en mimo!** Coa entrega descontextualizada dunha ferramenta de traballo e algúns elementos relacionados, os rapaces e as rapazas deberán deducir que oficio teñen entre mans e, a través do mimo, transmitirlo ao resto dos e das compañeiras. Trabállanse temas como tradición ou artesanía, á vez que a comprensión, o aspecto lúdico e creativo da comunicación e a expresión corporal. **Recomendado para 4º e 5º**

- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC**
- **Nº de participantes por sesión: máximo 25**
- **Temporalización: 75 minutos**
- **Custe: 0,70 ct. por alumno/a**

**Canteir@s por un día!** O alumnado traballa en equipo, tratando temas como a escala, a estrutura ou a utilidade construíndo exemplos da arquitectura tradicional para o que usaremos o sistema LUPO ([sistemalupo.ferminblanco.com](http://sistemalupo.ferminblanco.com)).

**Recomendado para 5º e 6º de primaria**

- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC**
- **Nº de participantes por grupo: máximo 15**
- **Temporalización: 60 minutos**
- **Custe: 0,70 ct. por alumno/a**

